

**Convocatoria mobilidade – Sofía Pita Álvarez**  
**Universidade de Pristina/Escola de Imaxe e Son/Consortio Erasmus CARTES**

## **Índice:**

- 1. Viaxe e aloxamento.**
- 2. Adaptación ao país de destino. Usos e costumes.**
- 3. Actividades e contactos realizados.**
- 4. Pode mellorarse... Estivo ben...**
- 5. Proposta de futuras actividades.**
- 6. Fotos e pequeno rexistro de palabras.**

**CARTES**

**Programa ERASMUS+**

**ESCOLA  
DE  
IMAXE  
E  
SON**



## **1. Viaxe e aloxamento.**

O transporte foi planeado por nós 3 días antes da viaxe por cambios de planificación. Os tres fumos en avión costeados pola beca, no meu caso facendo escala por Zurich.

Unha vez chegados á cidade, pagamos 6 días un apartamento en aluguer, xa que o centro de estudantes estaba sendo desinfectado. Nos catro días de gravación o noso aloxamento e comida foron cubertos pola sección de produción da película.

Había un comedor á nosa disposición a partir da chegada do resto de estudantes, pero por incompatibilidade de horarios e peche das instalacións a noite do sábado e o domingo completo a maioría das comidas tamén foron pagadas coa beca.

## **2. Adaptación ao país de destino.**

Non foi difícil adaptarnos ao noso entorno. A metade da xente local coa que falábase tiña un nivel comprensible de inglés, e todos os asistentes aos eventos internacionais tiñan un bó control sobre o mesmo. Aínda así, o uso prominente de albanés por parte dos nosos compañeiros e profesores locais, ademais da ausencia de tempo para aprendelo levou a ter mala comunicación en certos instantes. Logramos superar iso sen molestias.

Respecto a usos e costumes, sorprendeume:

- O gran orgullo polo seu país, o seu profundo desdén a Serbia e devoción a E.E.U.U.
- A ausencia de certos ingredientes e platos en restaurantes locais, e a prominencia das ensaladas de col, pepino ou tomate como acompañamento.
- A prominencia de apretóns de mans e abrazos nas presentacións.
- A diferente cultura de traballo e movemento, característica dun país en crecemento.
- A falta de espazos separados para a ducha, a erosión da carreteira e diferentes costumes á hora de conducir e ocupar espazos comúns caseiros.
- A diferenza de percepción de prezos, que cousas son caras ou baratas.
- O uso super común do tabaco en moitos espazos.

### 3. Actividades e contactos realizados

**Actividades:** Varias reunións cos nosos compañeiros de rodaxe e coa universidade, visita a un centro de postproducción, asistencia a todas as proxeccións de películas no festival UPWard, asistencia a reunións con diversos profesores de escolas internacionais, asistencia parcial ás clases de Ricardo Spencer e Blerim Gjinovci. gravación do corto "Máis alá dos horizontes"/"Pertej Horizonteve." Asistencia ás celebracións despois das sesións das proxeccións (con baile tradicional, interpretacións musicais e comida local), visitas a monumentos da cidade e unhas horas de viaxe a unha praia de Albania.

Os contactos principais realizados serían os profesores e alumnos dos eventos aos que asistimos, o propio Ricardo Spencer (que xa está en contacto coa escola), os representantes da *Escuela de Arte de Oviedo*, a *Escuela de Diseño y Artes Visuales de Barcelona* e a portuguesa *ESAD – Escola Superior de Artes e Design*. Aparte, eu coñecín a Labinot Sponca, editor de son e músico.

### 4. Cousas a mellorar, cousas boas

Sempre que preguntamos, había alguén que estaba disposto a botar unha man. Houbo un ánimo moi positivo sempre nas actividades en conxunto. Os meus compañeiros de viaxe foron xeniais, e sempre que pedíamos información sobre o país e de qué partes da súa cultura deberíamos experimentar obtíamos boas recomendacións e actitudes. Aprendimos a seguir o ritmo acelerado das actividades, o cal nos da preparación.

Pido mellor organización por parte da institución sobre os horarios, e compartir información das actividades cun tempo máis amplo de antelación. Ese foi o noso peor contrincante nestas 3 semanas. Ademais, gustaríame ter os edificios de aloxamento en condicións (con auga quente) cando chegásemos, ter formas de lavar a roupa accesibles no propio recinto e un horario de comedor que non peche antes de que rematen as actividades en certos días.

Entendo que quizais o de instalar equipo para lavar poda ter mais coste, pero paréceme lóxico cando a maioría dos servizos para lavar roupa cobran por prenda; e tivemos que buscar unha lavandaría que ninguén coñecía.

## 5. Proposta de actividades a futuro

Gustaríame poder traer a algún dos nosos compañeiros da rodaxe a España, xa que nos admitiron a última hora. Ademais, Dea Ahmeti apareceu todos os días do festival de cine como participante das curtas ensinadas, e paréceme unha persoa interesante coa que traballar a futuro que manifestou interés polo cine internacional.

## 6. Fotos + Palabras sueltas

falinmenderit – gracias

të bëftë mirë– espero que la comida te siente bien

kotele – gatito

shkon – va/listo

a je mirë – ¿estás ben?

mirë mëngjes – boa mañá

mirëdita - bos días

mirëmbrema – boas tardes

mirë u pafshim – adeus



A praia onde gravamos.



Tendido eléctrico.



Gabriel e Mar  
cunha gata.

CARTES

Programa ERASMUS+

ESCOLA  
DE  
IMAXE  
E  
SON





Eu ferida de morte.



Corvo autóctono (hai milleiros.)



O equipo de gravación.

Asdo: Sofía Pita Álvarez  
En Ourense, a 1 de agosto de 2025.